

## 40 ANOS DE AGORA. PAPELES DE FILOSOFÍA (1981-2021)

En 1981, sae do prelo o primeiro número de *Agora. Papeles de filosofía*. A revista fora fundada no ano anterior, 1980, polos departamentos da Sección de Filosofía da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Naquela altura, os departamentos decidiron unir forzas co obxecto de facer unha revista científica académica na cal, seguindo procedementos rigorosos de selección, se fosen, sobre todo, dando a coñecer as investigacións realizadas no campo da filosofía no seo da universidade compostelá. Este designio, porén, abranxía tamén o propósito de publicar, nas páxinas da revista, contributos procedentes doutros foros e doutras universidades, españolas e estranxeiras, así como calquera texto filosófico relevante nas linguas de expresión habitual da filosofía. Ademais, púñase unha énfase especial en difundir o pensamento producido en galego e sobre Galicia.

Tal como explican os promotores no “Limiar” do número inicial, o nome dado á revista, *Agora*, sintetizaba ese proxecto: conxugar, nun espazo de encontro, diálogo, controversia e deliberación, o clásico e o moderno, o consagrado pola academia e as tentativas de innovación, o propio e local co internacional e universal. O nome *Agora*, escrito sen acento, sinalaba todas esas dimensións, ao permitir fusionar a palabra grega “agora” (o foro, a praza pública) e a palabra galega “agora” (o tempo actual, o presente).

Até 1991, *Agora* publica un número anual: no total 10 números. Mais, a partir do volume 11, a revista convértese en semestral, editando dous números por ano, desde entón até á actualidade. En 2012, despois dalgúns anos simultaneando ambos os formatos, a revista deixa de saír en papel (ISSN 0211-6642) e é editada só como publicación electrónica

(ISSN-e 2174-3347). Neses momentos, *Agora* mantiña intercambio con revistas académicas de ben máis dunha centena de universidades e institucións científicas internacionais, polo que se encontra espallada por bibliotecas universitarias de todo o mundo. Alén diso, eses números publicados en papel, do nº1 (1981) ao nº31-1 (2012) foron dixitalizados polo Servizo de Publicacións da USC e áchanse a disposición pública no repositorio institucional Minerva da USC.

Desde os comezos, en 1980, *Agora* procurou contar cunha estrutura e un funcionamento acordes cos estándares esixíbeis a unha revista científica universitaria. En consonancia con estes requisitos, foron conformándose os equipos de dirección, os consellos de redacción e os comités científicos que, ao longo destes 40 anos, levaron a feito a edición da revista. En tanto tempo, producíronse momentos de dificultades, polas adaptacións e mudanzas que era preciso afrontar. E porque, desde o inicio, a revista se fai contando con grandes doses de xenerosidade persoal. Mais, grazas ao esforzo e á entrega colectivas, esas dificultades tornáronse, en cada ocasión, un acicate para mellorar e contribuíron ao desenvolvemento e consolidación de *Agora*, como unha publicación de referencia no campo da filosofía no ámbito universitario español e académico internacional.

Ao longo destes 40 anos, grazas ao esforzo de cantos veñen facendo a revista e colaborando nas súas páxinas, *Agora* foi gañando recoñecemento, aparecendo indexada en *Philosopher's Index*, *ESCI*, *ERIH PLUS*, *PIO*, *ISOC*, *Fuente Académica Premier*, *TOC Premier*, *DIALNET*, *SUMARIS CBUC*, *REDIB* e *SCOPUS*, ademais de contar co selo de calidade da *FE-CYT*. Resulta imposible lembrar as persoas, moitas, que teñen participado neste dilatado percurso e agradecer o seu xeneroso e frutífero contributo. Mais, para celebrar este 40 aniversario, recordemos, esquematicamente, aquel primeiro número.

En 1981, a revista sae á luz cunha portada deseñada por Nel Rodríguez Rial, a partir dunha foto de Kukas. Esta portada, mudando a cor, e, mais adiante, con algunha adaptación do deseño orixinal, converterase en emblemática e manterase até á actualidade. Neste número inicial, a dirección aparece encomendada aos departamentos de Historia da Filosofía, Lóxica e Ética, sen especificárense nomes de persoas. A redacción está integrada por Carlos Baliñas, José Luis González, Esperanza Guisán, Juan Luis Pintos, Luis R. Camarero e Juan Vázquez, sendo secretario José Luis Barreiro. A revista, como propia da Universidade de Santiago de Compostela, está vinculada ao Secretariado de Publicacións da USC e conta con ISBN 84-7191-258-9 e D.L. C-851-1981. Alén dun “Limiar”, comprende varias

seccións, que con pequenas variacións se foron mantendo até hoxe: “Ensaíos”, “Estudos”, “Notas e comentarios”, “Recensións” e “Noticias”. Este primeiro número atinxía un total de 318 páxinas.

Lembremos, agora, as persoas que colaboraron cos seus escritos, indo sección por sección, seguindo a orde do índice. Primeiro, os “Ensaíos”: C. Baliñas, “Contra el imperialismo de la razón exacta”; e X.L. Pintos, “Conflicto de racionalidades”. Despois, os “Estudos”: J.L. Barreiro, “*El Tractatus Logico-Philosophicus* de L. Wittgenstein. (Una alternativa técnico-ética)”; L. R. Camarero, “Aproximación a la idea de la naturaleza en Spinoza”; E. Guisán, “¿Qué es la filosofía moral?”; C. Raña, “La Analogía según Amor Ruibal”; J. Vázquez, “Objeto y sentido en los análisis semánticos de Husserl”; e J. Alvilares, “¿Ser necesario o libertad originaria? (Una reciente crítica "religiosa" de la Ontoteología: L. Dewart, R. Panikkar)”. A seguir, “Notas e comentarios”: E. Guisán, “Javier Muguerza: la esperanza en la razón”; M.X. Agra Romero, “G.J. Warnock e a filosofía moral contemporánea”; X. L. Pintos, “Anthony Giddens: el razonable marxismo de un sociólogo crítico”; e N. Rodríguez, “Novas aportacións ao estudo da teoría estética de Ortega y Gasset”. Aínda, as “Recensións”: M<sup>a</sup> Eugenia Rivas, Nel Rodríguez, José Miguel Sagüillo, José Montoya Sáenz, Esperanza Guisán, M.X. Agra Romero, J.L. Barreiro, César Raña Dafonte. E, por último, “Noticias”, de diversos congresos celebrados naquelas datas, asinadas por Emilio Araújo, Esperanza Guisán, Carlos Baliñas, Jordi Terré, José Luis González e Nel Rodríguez Rial.

A este primeiro número, saído en 1981, seguiron outros, anualmente até 1991 e semestralmente desde entón, até chegarmos en 2021 co volume actual, o 40-2, a 70 números publicados. Facendo ese camiño, *Agora* foi mudando en estrutura, funcionamento e contidos. Como a nave *Argo* da mitoloxía grega, varias veces reconstruída no curso da súa longa viaxe, a revista foi trocando peza por peza, reparándose, adaptándose e innovándose, até converterse nunha publicación nova.

A estrutura inicial tornouse máis complexa e mais aberta, renovándose periodicamente. O equipo de dirección pasou a incluír a secretaría e a administración e estar formado por profesorado nomeado polos departamentos responsábeis da revista. O consello de redacción foi modificando as súas funcións, sendo o órgano decisorio, e abrindo a súa composición a membros externos, doutras universidades españolas e estranxeiras. Xa na primeira década, en 1988, a revista dotouse dun extenso, plural e internacional comité científico, que foi renovándose paulatinamente e de modo xeral en 2018. Durante moito tempo, este comité científico levou o peso na

avaliación dos orixinais, tarefa que na última década foi mormente asumida por informantes externos especialistas. Estes profesionais constitúen desde hai unha ducia de anos unha peza esencial no funcionamento da revista.

*Agora* naceu como órgano de expresión propia, no seo da universidade compostelá, mais con vocación de ser o foro aberto e plural no campo xeral da filosofía internacional en que, paso a paso, se converteu. As súas páxinas teñen acollido publicacións de todos os ámbitos, ramas ou áreas filosóficas, así como diversos números monográficos, chegando as colaboracións das máis variadas e lonxincuas procedencias. De facto, no século XXI, grazas mormente á participación de filósofas e filósofos de universidades e centros de investigación de América Latina, a revista converteuse nunha publicación científica efectiva e netamente internacional.

A todas as persoas que fixeron e fan posíbel esta singradura, a nosa lembranza e o noso agradecemento.

*Agora. Papeles de Filosofía*